

2. Cursos de actualización e especialización para o profesorado

Son cursos organizados en colaboración co Centro de Formación do Profesorado. A oferta de cursos varía dependendo da lingua. Ofrécense:

- **Cursos de actualización lingüística e comunicativa de francés e inglés (CALC)**

De 120 horas de duración, de setembro a xuño, de nivel básico, intermedio e avanzado.

- **Outros cursos de formación en idiomas**

De nivel básico, intermedio e avanzado. Cada nivel estrutúrase en un ou máis módulos de 30 horas.

O alumnado que asiste ao 85% do curso obtén un certificado de asistencia ou aproveitamento, e pode matricularse nos exames libres sempre e cando cumpra os requisitos para facelo.

Estar matriculado nun curso de actualización e perfeccionamento é compatible con estar matriculado nun curso ordinario (básico 1 a avanzado 2) do mesmo idioma. Pódese obter máis información sobre estes cursos no CFR de Pontevedra.

- **Cursos de formación para a mellora da competencia lingüística e comunicativa en lingua estranxeira do profesorado**

Dentro da Fase A do Programa integral de aprendizaxe das linguas estranxeiras (PIALE), (75 horas).